

Chegou a hora do ensino público e do seu profesorado

Unha vez superada a pandemia provocada pola COVID-19, para ANPE chegou a hora de apostar decididamente polo ensino público e o seu profesorado e así mellorar a calidade do noso Sistema Educativo.

ANPE pide ao Ministerio de Educación e FP e ás Comunidades Autónomas un compromiso firme e decidido co ensino público e o seu profesorado.

Para iso é fundamental que o Ministerio de Educación, en colaboración coas CCAA, desenvolva o antes posible a Disposición Adicional Sétima da LOMLOE e así se estableza:

1. Unha LEI DA PROFESIÓN DOCENTE, na que se regulen os dereitos, deberes e código deontolóxico da profesión docente, a formación inicial e os requisitos mínimos para impartir docencia.
2. Un ESTATUTO DA FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE, que regule desde o acceso á condición de funcionario/a docente ata un modelo de xubilación anticipada. Establecendo unha carreira profesional e a equiparación das condicións laborais do profesorado en todas as CCAA, reforzando o carácter estatal dos corpos docentes.

É, na normativa que desenvolva o anterior, tanto por parte do Estado como das CCAA, onde se deben fixar e recoller as seguintes medidas:

*ANPE,
un referente para o
ensino público
e o seu profesorado*

-  Sindicato exclusivo do ensino público
-  Independente, sen vinculación política
-  Representativo. Con forza para negociar
-  Profesional. Somos docentes coma ti que queremos unha educación de calidade e un profesorado recoñecido e valorado
-  Con experiencia. Máis de corenta anos ao servizo dos docentes
-  Con un proxecto común e coherente en todo o estado



*COMPROMETIDOS
co profesorado e coa educación*

O teu apoio é a nosa forza

**O 1 de decembro,
VOTA ANPE**

*ANPE,
o valor da independencia*

*Eleccións
Sindicaís 2022*

ELECCIÓNS SINDICAIS

Somos o único
sindicato da Mesa
Sectorial que defende
EXCLUSIVAMENTE
o Ensino Público



VOTA ANPE

**POLO PROFESORADO
POLO ENSINO PÚBLICO**

1 de decembro de 2022



**Chegou a hora
do ensino público
e do seu profesorado**



**VOTA
ANPE**



Chegou a hora

do ensino público

e do seu profesorado

www.anpegalicia.es

1

Horario lectivo do profesorado

ANPE foi o único sindicato que esixiu á Ministra **fixar un horario lectivo do profesorado máximo para todo o Estado**. En Galicia desde ANPE estamos loitando para recuperar un horario lectivo para o profesorado que non supere as **21 horas lectivas** para as ensinanzas de Infantil e Primaria, e de **18 horas lectivas** para o resto de ensinanzas.

2

Ratios de alumnos/as por aula

É necesaria unha **redución do número máximo de alumnos/as por aula** en todas as ensinanzas: máximo de 15 en Infantil 3 anos e 18 en 4 e 5 anos, 20 en Primaria, 25 en Secundaria e Bacharelato, e redución dun 20 % no resto de ensinanzas. Por outro lado, é importante diminuír o número mínimo de alumnos/as para que se poidan crear grupos, impartir materias e establecer ensinanzas, algo fundamental na zona rural. Actualización da normativa referente ao **alumnado con NEAE** que implique una redución da ratio que permita mellorar a atención á diversidade.

3

Corpos docentes A1

Inclusión de todos os docentes, con titulación universitaria, no **grupo funcional A1**, mantendo os corpos docentes e establecendo **mecanismos de equiparación salarial**.

4

Conciliación familiar e laboral do profesorado

Ampliación dos supostos de licenzas e permisos que permitan mellorar a conciliación da vida laboral e persoal do profesorado, evitando todo tipo de agravios con outros funcionarios.

5

Formación inicial e permanente do profesorado

Unha **formación inicial e requisitos para impartir docencia** similares en todos os corpos docentes que permita a integración de todos eles no máis alto grado funcional. Respecto á formación permanente do profesorado, **debe ser gratuíta e en horario lectivo**.

6

Interin@s e estabilidade de plantillas

Estabilidade de plantillas e novo sistema de acceso aos corpos docentes. É necesario dar estabilidade ás plantillas dos centros a través de amplas ofertas de emprego público. Á súa vez, hai que cambiar o actual sistema de concurso-oposición por outro máis obxectivo, con temarios oficiais con contido, non meros títulos de temas, e probas máis obxectivas. Cunha valoración da experiencia docente ata o máximo permitido pola legalidade e eximir da fase de prácticas a aqueles docentes que xa desempeñaran o seu labor docente como interinos/as durante un tempo mínimo.

Seguridade xurídica á participación en todas as modalidades ao amparo da Lei 20/2021 fruto dun mal acordo negociado con outras OOSS e que ANPE NON ASINOU NIN NEGOCIÓU.

7

Mobilidade do profesorado

Ademais das convocatorias de Concurso Xeral de Traslados de carácter estatal, deben regularse **convocatorias de comisións de servizo, válidas para todo o territorio nacional** e de "concurso".

8

Carreira profesional e xubilación anticipada

É imprescindible regular unha carreira profesional, con recoñecemento económico e administrativo, baseada en criterios obxectivos. Hai que **potenciar a convocatoria en todas as CCAA de prazas de acceso a cátedras** ata chegar ao 30 % dos cadros de persoal. É imprescindible tamén fixar un modelo de xubilación anticipada con carácter específico ao noso sector e **asegurar a súa continuidade**.

9

Plan de mellora da convivencia e autoridade docente

É necesario establecer un **Plan de mellora da convivencia nos centros** que sirva de marco para todas as CCAA, ademais dunha normativa nacional con rango de Lei que desenvolva o recoñecemento da autoridade pública do profesorado no exercicio da súa función. **Axilización na resolución de conflitos**.

10

Liderado dos claustros

Os claustros deben recuperar o seu protagonismo e asumir máis competencias no goberno e toma de decisións dos centros educativos, por exemplo, escollendo ao director/a. **Actualizar os ROCs para poder devolver o liderazgo aos claustros do profesorado**.

11

Redución da burocracia

Hai que **reducir drasticamente a burocracia** que sufrimos os docentes, que non parou de aumentar nos últimos anos, fundamentalmente no momento actual co desenvolvemento da LOMLOE, agora máis ca nunca **é necesario esixir menos burocracia e máis docencia**. **Dotación de máis persoal administrativo nos nosos centros**.

12

Retribucións e equiparación salarial

Negociación dun NOVO acordo salarial que substitúa o mal acordo acordado no ano 2018, e que ANPE NON ASINOU, poñendo ao profesorado galego nos primeiros postos a nivel retributivo. **Recuperación do poder adquisitivo perdido nos últimos anos**, e que se verá incrementado en casi un 10 % nos exercicios 2023-2024 a consecuencia do acordo asinado por outras OOSS. **ANPE solicita una cláusula de revisión salarial en función do IPC**. **Recuperación do cobro dos meses de verán para o profesorado interino que traballe polo menos 5,5 meses**.